DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 19 | Venres, 26 de xaneiro de 2018 | Páx. 6107

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 24 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao procedemento para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, convocado pola Resolución do 1 de decembro de 2017, para as subescalas de secretaría-intervención e secretaría, categoría de entrada.*

De conformidade co establecido no artigo 5.1 da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, do 30 de novembro de 2017, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, e rematado o prazo de presentación de solicitudes para a inclusión nas bolsas de interinos relativas ás subescalas de secretaría-intervención e secretaría, categoría de entrada,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as listas provisionais de admitidos e excluídos ao procedemento para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, convocado pola Resolución do 1 de decembro de 2017, relativas ás subescalas de secretaría-intervención e secretaría, categoría de entrada.

Segundo. As listas provisionais de admitidos e excluídos para a realización da proba tipo test e da proba de galego, nos casos en que proceda, están á disposición das persoas interesadas na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo https://sede.xunta.gal/tramitar/PR410A

Terceiro. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídos.

CVE-DOG: gxvlj475-cz33-lw79-lxa0-lvu7xjt2mh23

Cuarto. Os aspirantes que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo co obxecto de formular reclamación.

Quinto. Só serán admitidas as emendas e reclamacións que os aspirantes realicen desde a carpeta do cidadán habilitada para o efecto na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo http://sede.xunta.gal, no procedemento PR410A.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Marta Fernández-Tapias Núñez
Directora xeral de Administración Local

CVE-DOG: gxvlj475-cz33-lw79-lxa0-lvu7xjt2mh23

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia